

A stylized graphic featuring a hand holding a rose. The hand is rendered in red and yellow, with black outlines. The rose is red with blue and yellow accents. The background is black. The text 'III BATALLA DE BANDAS' is overlaid in white, bold, sans-serif font.

# III BATALLA DE BANDAS

A organización do festival **Flores Rock** presenta as seguintes bases, co gallo da convocatoria da *III Batalla de Bandas*.

## **1.- Obxectivo da convocatoria**

O obxectivo da convocatoria é dar visibilidade aos novos talentos coa finalidade de promover, motivar e incentivar o dinamismo cultural, así como outorgar un merecido recoñecemento a todos eses artistas e bandas que definen o novo tecido musical a través dos grupos emerxentes que o representan, en especial, aqueles que aínda non teñen o respaldo do gran público.

## **2.- Requisitos de participación**

2.1.- Os participantes deben ser maiores de idade no momento da inscrición na Batalla. No caso contrario, os artistas menores de idade deberán presentar documento firmado polo seu pai, nai ou titor/a legal expresando a autorización para a súa participación na Batalla segundo as condicións das súas bases e autorizando a reprodución da súa imaxe.

2.2.- Poderán participar bandas ou solistas participantes galegos ou residentes en Galiza.

2.3.- Consideraranse a concurso formacións ou solistas que se engloben nos estilos musicais de rock (rock'n roll, folk rock, post rock, rhythm&blues, hard rock, stoner, garage, noise, hardcore, punk-rock) e metal (heavy, power, thrash, speed, death, grind, black, doom, gótico, industrial, nu-metal, metal alternativo).

2.4.- Os temas presentados na Batalla deben ser orixinais. Ademais, os grupos ou solistas participantes deben posuír un repertorio disposto para ser interpretado en directo, non inferior a 50 minutos, dos cales, o 70% deben ser de composicións orixinais. Os artistas presentados garanten que posúen os dereitos de interpretación e autoría e permiten reproducir as súas propostas a través das redes sociais do evento, asumindo a súa propia responsabilidade e eximindo á organización desta Batalla de calquera responsabilidade ou reclamación de terceiros. Os grupos que teñan rexistradas as súas cancións nalgunha entidade que defenda os seus dereitos de propiedade deberá comunicalo á organización.

2.5.- Os grupos ou solistas participantes non poden ter un contrato discográfico multinacional en vigor antes de xaneiro de 2025. No caso de ter editado algún tema musical deberá ter sido auto producido. Ademais, non poderá ter participado nas edicións anteriores do festival **Flores Rock**.

2.6.- Os integrantes non poderán formar parte de máis dun grupo dos que participan na Batalla. As/os artistas que se presenten individualmente tampouco poderán formar parte de ningún grupo.

2.7.- A organización reservarase o dereito a decidir, en favor da visibilización de bandas emerxentes, que unha das propostas finalistas sexa un solista ou grupo no que, polo menos un dos seus compoñentes sexa menor de 25 anos.

2.8.- A organización reservarase o dereito a decidir, en favor da igualdade de dereitos e oportunidades e por mor dunha menor presenza na actualidade de grupos con integrantes femininas, que unha das bandas propostas como finalistas sexa unha solista ou grupo no que, polo menos un dos seus integrantes sexa unha muller.

2.9.- A organización reservarase o dereito a decidir que, en favor da normalización lingüística, polo menos unha das bandas propostas como finalista teña o seu repertorio polo menos nun 90% en lingua galega.

2.10.- Os participantes comprométense a realizar unha actuación, no caso de ser premiados, no marco do evento **Flores Rock 2025** segundo as prescricións e condicións da organización, cuxa celebración está prevista para os días 05 e 06 de setembro do presente ano.

### 3.- Inscripción

3.1.- A inscrición é de balde.

3.2.- Para inscribirse, as bandas deberán completar o formulario que figura no anexo I e enviálo anexo nun correo electrónico á dirección [batallabandasfr@gmail.com](mailto:batallabandasfr@gmail.com), indicando:

- Correo electrónico (obrigatorio).
- Teléfono de contacto (obrigatorio).
- Nome da banda (obrigatorio).
- Rider da banda (obrigatorio).
- 2 temas en formato mp3, ogg ou wma (obrigatorio).
- Fotografía da banda en formato jpg, bmp ou png (obrigatorio).
- Enlace para escoitar máis música da banda (Spotify, YouTube, Bandcamp...) (opcional).
- Enlace a un vídeo non editado, xa sexa dun directo ou dun ensaio (non videoclip) (opcional).
- Canle de vídeos da banda (opcional).
- Perfís de redes sociais da banda (Facebook, Twitter, Instagram, etc.) (opcional).
- Dossier da banda (opcional).

3.3.- As propostas poderán ser presentadas por persoas físicas ou xurídicas, indicando no formulario de inscrición o nome e DNI, NIF ou CIF do responsable. A persoa que figure como "representante" será a persoa receptora do premio no caso de resultar premiada esa proposta (agás no caso dos menores de idade, que será o seu representante legal). Dita persoa debe ser membro da banda.

3.4.- A data límite de inscrición será o 10 de abril de 2025. A organización da Batalla resérvase o dereito de ampliar este prazo.

## **4.- Fases da Batalla**

### **4.1.- Selección dos clasificados para a fase final**

- Unha vez finalizada a fase de inscrición, o xurado designado para isto, seleccionará a un total de 8 bandas, que pasarán á fase final.
- O resultado da mesma farase pública a través das redes sociais da organización da Batalla o día 11 de abril de 2025.
- As 8 bandas seleccionadas pasarán á fase final, comprometéndose os seus membros a cumprir e aceptar as condicións da mesma.

### **4.2.- Fase final**

- A fase final decidirse nun acto en directo no parque central de Barrio das Flores (Praza do Sol Nacente s/n, 15008, A Coruña) o día 1 de maio de 2025
- As actuacións en directo terán unha duración de 25 minutos por banda, comprometéndose os participantes a axustarse a dito tempo.
- A orde de actuación de cada grupo determinarase nun sorteo público que terá lugar a semana anterior ao concerto. Será necesaria a presenza en dito sorteo dalgún dos membros de cada grupo seleccionado. A organización resérvase o dereito de facer este sorteo de maneira telemática.
- Nas actuacións en directo, admitiranse un máximo de dúas versións de temas doutros autores que se citarán como tales no momento da súa execución.

- No caso de que a organización non atope un acordo con algunha das bandas para as datas das eliminatorias, esta resérvase o dereito a substituír a banda en cuestión por outra das inscritas ou por unha das eliminadas anteriormente, se se dera o caso.
- Trala finalización das actuacións de tódalas bandas, procederase á fase de votación.
- O proceso de votación transcorrerá de tal maneira que o valor do voto do xurado designado para isto suporá un 51% do total mentres que o valor do voto do público presente será un 49%.
- A banda gañadora será aquela que obteña maior puntuación na valoración do xurado e do público, axustándose á distribución antes mencionada. De igual maneira ocorrerá coa designación do segundo posto, sendo este o que obteña a segunda mellor puntuación segundo o sistema antes descrito.
- O voto do público realizarase de maneira telemática, a través dun código QR designado para tal efecto, e de tal modo que cada persoa teña dereito a un voto.

## **5.- Xurado**

### **5.1.- Xurado da fase de selección.**

Os membros da organización actuarán como xurado de selección das bandas presentadas á Batalla, de tal maneira que 8 de elas serán seleccionadas para a fase final.

### **5.2.- Xurado da fase final.**

O xurado da fase final estará composto por 5 membros, repartidos da seguinte maneira:

- Un/ha representante do IMCE, á elección da Alcaldesa.
- Un/ha promotor/a musical (da cidade).
- Un/ha representante dun estudo de gravación (da cidade).
- Un/ha representante dunha empresa de gravación de vídeo (da cidade).

- Un/ha representante experto designado pola organización.

A organización resérvase o dereito de designar un xurado substituto no caso de ausencia dun dos xurados antes descritos.

## **6.- Premios**

### **- Primeiro premio**

A banda á que se lle outorgue o primeiro premio terá dereito a unha actuación no festival **Flores Rock** e, ademais, a gravación dun EP.

### **- Segundo premio**

A banda á que se lle outorgue o segundo premio terá dereito a unha actuación no festival **Flores Rock** e, ademais, a gravación dun vídeo-clip.

As actuacións no festival Flores Rock serán de unha das bandas o venres 05 de setembro e a outra, o sábado 06 de setembro puidendo elixir a banda gañadora cal dos días prefere actuar.

## **7.- Dereitos e deberes dos participantes**

7.1.- En ningún caso aceptaranse na Batalla temas musicais que non respecten os dereitos humanos ou os valores democráticos, ou que teñan contidos ofensivos ou irrespectuosos cara a persoas ou colectivos.

7.2.- Os grupos participantes dan a súa autorización e ceden os seus dereitos de imaxe á organización da Batalla para a emisión dos temas ou dos concertos en diferentes medios de comunicación e/ou redes sociais, nunca tendo un uso comercial.

7.3.- Da mesma forma, os grupos participantes na fase de actuacións en directo, dan a súa autorización e ceden os seus dereitos de imaxe á organización da Batalla para a posible edición parcial ou total de ditas actuacións en calquera tipo de soporte, nunca tendo un uso comercial.

7.4.- Os participantes eximen á organización e colaboradores desta Batalla de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera transgresión da normativa vixente en materia de propiedade intelectual, sendo os participantes os únicos responsables.

7.5.- A participación nesta Batalla implica a íntegra aceptación por parte dos grupos participantes das bases da mesma, así como das decisións da organización e dos xurados, coa renuncia expresa a todo recurso que se opoña ao anterior; así mesmo, implica a íntegra aceptación das características do evento, da súa estrutura e da súa organización.

7.6.- Calquera eventualidade imprevista xurdida en relación co desenvolvemento da Batalla non contemplada de forma expresa nestas bases, será resolvida de acordo co criterio da organización.

7.7.- A participación nesta convocatoria supón a aceptación expresa destas bases.

7.8.- As persoas que compoñan os grupos que actúen en directo deberán ser as mesmas que consten na inscrición. A substitución dalgunha delas deberá estar xustificada por causas de forza maior e deberá autorizarse pola organización. En todo caso, a persoa substituta debe cumprir os requisitos recollidos nestas bases.

7.9.- A organización, en calquera das fases da Batalla, excluírá a aqueles grupos que non reúnan os requisitos establecidos nas bases.

## **8.- Protección de datos**

De conformidade co novo Regulamento Europeo de Protección de Datos (RGPD 2016/679 do Parlamento Europeo), e da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais dos participantes na II Batalla de Bandas van entrar a formar parte da base de datos do **Festival Flores Rock** e non serán empregados para outro fin que a xestión de dita Batalla nin van ser cedidos a terceiros sen o seu previo consentimento. Así mesmo, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, cancelación e portabilidade dos datos en calquera momento na dirección de correo electrónico [batallabandasfr@gmail.com](mailto:batallabandasfr@gmail.com).